

Estimadas familias, neste curso queremos desenvolver o proxecto: **“Auga, pedra, sabedoría e terra”**, a través dos encontros entre **4 Xeracións**, entre nenos/as, pais/nais, avós/avoas e bisavós/bisavoas, e gustaríanos contar coa vosa axuda.

No seguinte recadro podedes ler as actividades planificadas para levar a cabo o proxecto.

Por favor, lédeas e sinalade se nalgunha nos podedes botar unha man.

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS QUE DESENVOLVEREMOS NO CENTRO ENCUNTROS 4X (4 XERACIÓNS)	DATA	ACTIVIDADE NA QUE PODO PARTICIPAR
<p>“ Eu fun ...” Charla coloquio sobre oficios tradicionais (canteiros, gaiteiros, muiñeiros, ferreiros, arrieiros, zoqueiros...) Os/as avós/avoas e bisavós / bisavoas, falarannos da súa profesión.</p>	<p>16 NOVEMBRO Día Internacional do Patrimonio</p>	
<p>“Cando fun neno/a” Charla coloquio na que os/as avós/avoas, e os /as bisavós/bisavoas explicarannos como foi a súa infancia. Serviranos para comprobar a evolución dos dereitos dos nenos e das nenas a través do tempo.</p>	<p>20 NOVEMBRO Día Internacional dos Dereitos do Neno</p>	
<p>“Canto á vida” Celebración do día Internacional contra a Violencia de Xénero coa canción: “Chea de Vida”. Ensinaranos a cantala a nai dunha alumna de educación infantil.</p>	<p>24 NOVEMBRO Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller</p>	
<p>“ Onde as mulleres aínda somos minoría” Charla coloquio a cargo de nais, avoas ou bisavoas, con profesións nas que as mulleres aínda non están totalmente integradas .</p>	<p>8 MARZO Día Internacional da Muller</p>	

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS QUE DESENVOLVEREMOS NO CENTRO ENCUNTROS 4X (4 XERACIÓNS)	DATA	ACTIVIDADE NA QUE PODO PARTICIPAR
<p>“As témporas” Charla coloquio impartida por avós/avoas e bisavós / bisavoas, sobre as técnicas que empregaban eles para predicir o tempo.</p>	<p>23 MARZO Día Mundial de Meteoroloxía</p>	
<p>“ Xogando xuntos” Queremos celebrar o día do deporte, nenos e maiores, con xogos tradicionais no patio do colexio</p>	<p>6 ABRIL Día Internacional do Deporte</p>	
<p>“ Conto o que me contaron” Os nosos maiores virán á escola, para contarnos os contos que lles contaban a eles de cativos.</p>	<p>DO 14 AO 18 DE MAIO Semana das Letras Galegas</p>	
<p>“Cando o alumno fala do mestre” Asistencia á charla impartida por un antigo alumno do profesor Albino Núñez Domínguez para contarnos quen foi este mestre que lle deu nome á nosa escola.</p>	<p>DO 14 AO 18 DE MAIO Semana das Letras Galegas</p>	
<p>“Fago cousas coa natureza” Taller de xogos e de xoguetes tradicionais impartido por avós/avoas e bisavós / bisavoas.</p>	<p>DO 14 AO 18 DE MAIO Semana das Letras Galegas</p>	
<p>“Camiñando xuntos” Convidaremos a todos os membros da comunidade educativa a percorrer unha ruta de sendeirismo da nosa contorna.</p>	<p>5 XUÑO Día Mundial do Medio Ambiente</p>	